

1 x 300 €
1 x 200 €
15 x 100 €

BASES DA CAMPAÑA

1. A ABE organiza a campaña de promoción comercial de Nadal co obxectivo de premiar aos clientes que realicen as súas compras nos comercios asociados durante estas datas.
2. A campaña desenvólvese dende o 5 de decembro ata o 6 de xaneiro e sortearanse 2.000 € en vales de compra repartidos do seguinte xeito: 1 premio de 300 €, 1 premio de 200 € e 15 premios de 100 €. Os vales de compra soamente se poden utilizar para mercar nos comercios participantes sen posibilidade de cambiarse por cartos nin de facer devolucións de efectivo.
3. Os comercios participantes recibirán 1.000 rifas iniciais podendo mercar rifas a maiores en lotes de 500. Deberán entregar gratuitamente as rifas entre os seus clientes a razón de como mínimo 1 rifa por cada 10 € de compra durante toda a campaña. Aqueles comercios que pola súa singularidade realicen vendas de importe pequeno poden dar rifas por menos importe que o mencionado.
4. As rifas serán numeradas e o sorteo realizarase o luns 9 de xaneiro ás 12:00 horas na sede da ABE polo método de extracción aleatoria por bombo como no da lotería nacional.
5. Extraerase 1 número gañador do premio de 300 €, 1 número gañador do premio de 200 € e 15 números correspondentes aos premios de 100 €.
6. Tamén se extraerán como suplentes 2 números para o premio de 300 €, 2 suplentes para o premio de 200 € e 15 suplentes para os premios de 100 €. Tanto os premiados coma os suplentes teñen de prazo ata o venres 20 de xaneiro ás 12:00 horas para pasar polas oficinas da ABE para identificarse co seu DNI e presentar as rifas.
7. Os premiados cando pasen polas oficinas coa rifa e o dni faráselles entrega do premio correspondente, no caso dos suplentes deberán agardar ata despois do día 20 de xaneiro. Finalizado o prazo marcado no punto anterior os premios pasarán para os suplentes que previamente haxan pasado polas oficinas da ABE para identificarse. Os premios aos suplentes entregaranse na orde que resultara no sorteo.
8. Os premiados teñen ata o 28 de febreiro para utilizar os vales de compra e os comerciantes ata o 31 de marzo para canxealos nas oficinas da ABE.
9. A relación de premiados farase pública na páxina web da ABE www.abe.gal nas redes sociais e nos comercios participantes.
10. A participación na campaña supón a aceptación das bases así como a autorización dos premiados a utilizar a súa imaxe aos efectos de publicidade dos resultados da campaña.
11. As presentes bases pódense consultar na web da ABE www.abe.gal, nas redes sociais e nos comercios participantes.
12. A organización reservase o dereito de modificar as presentes bases, sen incorrer en ningunha responsabilidade, previa comunicación ao servizo de Xogo da Dirección Xeral de Emerxencias e Interior da Xunta de Galicia